



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**3/2022. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 4 DE MARZO DE 2022.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día 4 de marzo do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Iván Martínez González. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario accidental - en ausencia do titular - o funcionario D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 02.03.2022 ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 2022-0204, de data 02.03.2022.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

**1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.**

**4 min 30 s:** Polo sr. Alcalde faise unha exposición dos motivos que dan lugar á convocatoria da presente sesión plenaria aos efectos de que o Pleno se pronuncie sobre a urxencia dos asuntos comprendidos no mesmo.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da convocatoria.

**2.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ 2022”: RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NUM. 128/2022, DE APROBACIÓN DO PLAN.**

**5 min 15 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de obras, servizos e medioambiente.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

## - EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

**5 min 43 s:** Polo sr. Kuntz Peiteado faise unha exposición e xustificación da proposta que se somete a Pleno, indicando que o asunto xa ven ditaminado favorablemente pola comisión informativa de obras.

**7 min 24 s:** O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

## - 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

**7 min 28 s:** O sr. Varela Filgueiras expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, facendo constar que na comisión informativa se tiñan abtido dado que entenden que antes había unha maneira de xestionar e debater o POS, que era nas distintas comisións informativas, pero que duns anos a esta parte nos afacemos a facer o POS por resolución da alcaldía e despois ter que ratificalo polo Pleno. De seguido, o sr. Varela Filgueiras di que entende que tódolos proxectos, uns máis ca outros, son necesarios para toda a cidadanía, e que partindo desa base hoxe van a votar a favor, pero pedindo que se volva a xestionar o POS como se facía con anterioridade e que pase por comisións para poder debatelo en profundidade.

**9 min 19 s:** O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez Bardanca.

**9 min 23 s:** O sr. Martínez Bardanca expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, sinalando que agradece que fosen tidas en conta as propostas que fixo o seu grupo, e indicando que destacarían a obra do parque de San Vitorio, polo desmantelamento que houbo de tódolos parques municipais na anterior corporación, e que era unha parte importante do seu programa que os parques se fosen recuperando. De seguido, di que tamén son destacables as obras que se fan en Apelón e na Avenida de Galicia, tanto polo tema da correcta recollida das augas como pola propia estética do pobo. A continuación o sr. Martínez Bardanca fai fincapé no retraso que se leva na execución dos POS anteriores, e fai unha relación dos investimentos que están pendentes de executar e que xunto co POS que se está a aprobar superan o millón de euros en investimentos; retraso que indica que non sabe si se debe a falta de dilixencia, problemas coa xestión ou incapacidade de xestión por parte do goberno municipal. De seguido, e en canto ao procedemento seguido para a aprobación dos POS, di que dende fai uns anos afíxose a facer dun xeito incorrecto, e que debería aprenderse que cando os proxectos se encargan no último minuto e se fan as comisións xusto antes dos plenos, e case non da tempo a ver os proxectos, despois xurden os problemas á hora da execución dos investimentos. Para rematar,





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

indica que non obstante van a votar a favor da aprobación do POS porque tódalas obras son importantes e necesarias.

**16 min 16 s:** Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno.

## - 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

**16 min 48 s:** O sr. Mahía Prados di que polo que ten entendido o concelleiro de obras levou o asunto a dúas comisións para debater aportacións e achegas referentes a este POS, e que a pesar de que eles entenden que a tramitación correcta e mediante comisión e Pleno e non mediante resolución, houbo un problema coa obra da Avenida de Galicia, porque é unha obra moi importante e que ten en conta moitos factores que agora están afectados pola escalada de prezos, tendo sido modificado o proxecto tres veces durante a súa redacción. A continuación, o sr. Mahía Prados fai un resumo da situación na que se atopa a execución dos investimentos dos POS anteriores. De seguido di que teñen a vontade de facer as cousas ben, de levar as cousas pola canle que ten que ser, pero que ás veces prodúcense circunstancias sobrevidas, e que aínda que non quere que isto sexa unha excusa, si quere deixar constancia de cal é a realidade que se está a producir coa escalada de prezos. Para rematar, o sr. Mahía Prados di que eles son os máis interesados en executar os POS, e que pode haber retrasos por sobrecarga en departamentos municipais para elaborar os informes, pero quere matizar que non se trata de problemas de xestión.

**20 min 33 s:** O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto sometendo o mesmo a votación.

Visto que pola resolución desta Alcaldía núm. 2022-0128, de data 11.02.2022, prestouse aprobación ao POS+ 2022 debido a que o prazo de solicitude remataba ás 15:00 horas do citado día; Resolución núm. 2022-0128, que debe ser ratificada polo Pleno, no seu caso, para a aprobación do POS+ 2022.

Tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 28.02.2022, obrante no expediente, na que se propón a ratificación da citada resolución da alcaldía, coas subsanacións efectuadas a requerimento telefónico da Deputación Provincial.

E unha vez rematadas as intervencións, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medioambiente realizada en data 03.03.2022, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN), acorda prestar aprobación á proposta formulada pola Alcaldía en data





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

28.02.2020, anteriormente citada e, en consecuencia, ratificar a resolución da alcaldía núm. 2022-0128, de data 11.02.2022, coas subsanacións efectuadas ao abeiro do requerimento telefónico efectuado pola Deputación Provincial, quedando a redacción definitiva do acordo tal e como figura de seguido:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2022</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				<b>Orzamento total</b>
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			
<b>Denominación da obra ou subministración</b>		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
ACONDICIONAMENTO DE PARQUE INFANTIL EN SAN VITORIO	40.000,00	-	-	-	40.000,00
MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTOS NA RÚA CORUTO E BARCIAS	77.970,63	38.721,78	1.887,38	40.609,16	118.579,79
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	117.970,63	38.721,78	1.887,38	40.609,16	158.579,79

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>
---	--------------------------------------





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE APELÓN	105.259,47	88.775,11	4.877,05	93.652,16	198.911,63
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>	105.259,47	88.775,11	4.877,05	93.652,16	198.911,63

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C. Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

**D Resumo:**

POS+ 2022 RESUMIO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total	
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022					
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	117.970,63	38.721,78	1.887,38	40.609,16	158.579,79
	Achega 2021	105.259,47	88.775,11	4.877,05	93.652,16	198.911,63
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022					





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

	<b>Achega 2022</b>					
	<b>Achega 2021</b>					
	<b>Préstamo 2022</b>					
	<b>TOTAL</b>	223.230,10	127.496,89	6.764,43	134.261,32	357.491,42

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)</b>	<b>IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)</b>	<b>Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)</b>
REURBANIZACIÓN DA AVENIDA DE GALICIA DENDE O CRUCE DA RÚA MERCADO ATA O ENCONTRO CO REGATO DO CANO DA RÚA	370.207,89	4.877,00	365.330,89
<b>TOTAIS</b>			

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**3.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022” PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS: RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NUM. 125/2022, DE APROBACIÓN DO PLAN.**

**20 min 44 s:** Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido di que este expediente se trata da parte social do POS e pregunta se algún grupo quere intervir; e dado que ningún concelleiro/a solicita a intervención no presente punto da orde do día somete o asunto a votación.

Visto que pola resolución desta Alcaldía núm. 2022-0125, de data 10.02.2022, prestouse aprobación ao POS+ Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios, debido a que o prazo de solicitude remataba ás 15:00 horas do día 11.02.2022; Resolución núm. 2022-0125, que debe ser ratificada polo Pleno, no seu caso, para a aprobación do POS+ Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios.

Tendo en conta a proposta formulada pola concelleira da área de Benestar Social e Igualdade en data 28.02.2022, obrante no expediente, na que se propón a ratificación da citada resolución da alcaldía.

E sometida a votación a Ratificación da resolución da alcaldía núm. 2022-0125, de data 10.02.2022, sobre “Asunto: Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos Concellos) “POS+ Adicional 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios”, o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade realizada en data 03.03.2022, por 9 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 1 BNG) e 3 abstencións (3 EU-SON EN COMÚN), acorda ratificar a citada resolución da alcaldía núm. 2022-0125, de data 10.02.2022, que copiada literalmente di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**  
**Alcalde-Presidente**  
**Juan Domingo De Deus Fonticoba**





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**Asunto: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”**

Visto que ata a data non se ten aprobado polo pleno da corporación o POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS, e que mañá ás 15:00 h remata o prazo de solicitude de participación no citado plan, polo que xa non hai tempo para adoptar un acordo plenario,

Polo exposto, **RESOLVO:**

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

41.289,73 €

Achega provincial **SOLICITADA** para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

58.177,55 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	23.823,92 €	0,00 €	23.823,92 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>	27.967,20 €	0,00 €	27.967,20 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	0 €	0,00 €	0 €





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0 €	0,00 €	0 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	0 €	0,00 €	0 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	2.565,95 €	0,00 €	2.565,95 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0 €	0,00 €	0 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>54.357,07 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>54.357,07 €</b>
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.  A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos	960,00 €	0,00 €	960,00 €





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).  A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	2.860,48 €	0,00 €	2.860,48 €
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	<b>3.820,48 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>3.820,48 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>58.177,55 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>58.177,55 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mugardos, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde.”

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás oito horas e cincuenta e dous minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral Accidental do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=41>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):  
3dbc8b711cc7e7579fc16b24be65510d3db5d340dc1d421c6150e77b0e4382b1

Vº e prace  
O ALCALDE

